

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR  
Secretaría Xeral do MarEdificios Administrativos San Caetano, s/n.  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

- As resolucións do 31 de xaneiro de 2014 polas que se autorizan senllos plans de pesca de anguía para as confrarías de pescadores das rías de Arousa, Ferrol e Vigo.

Examinados os informes técnicos correspondentes, onde se constata que a partir do mes de xuño a porcentaxe de individuos xuvenís capturados incrementase nun 80% respecto a meses anteriores, nos que se recomenda limitar o emprego das diferentes artes de pesca nas zonas mais interiores das rías (por dentro do anexo III), e consultado o sector na zona, esta Secretaría Xeral

**RESOLVE:**

**Establecer unha veda para a pesca do choco na Ría de Vigo, por dentro das liñas de referencia do anexo III establecidas no anteriormente citado Decreto 15/2011, dende o 6 de setembro de 2014 ata o 31 de outubro de 2014.**

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun (1) mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación, ante a Consellería de Medio Rural e do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2014

